

O Colexio de Traballo Social de Galicia solicita á Xunta de Galicia a homoxeneidade de todas as persoas afectadas polas contías reclamadas como cobro indebido ás persoas beneficiarias de RISGA que lles foi recoñecido o dereito ao Ingreso Mínimo Vital (IMV).

- *A realidade é que as persoas que están a recibir estas reclamacións monetarias non ocultaron nin falsearon datos, só continuaron percibindo a RISGA ante as demoras por parte da Administración na tramitación e resolución do IMV e ante o desacougo de non saber se finalmente lle concederían este último.*

Redacción 21/04/2022.- Ante a alarma social xerada pola reclamación, por parte da Xunta de Galicia, de importantes cantidades económicas ás persoas beneficiarias da Renda de Inserción Social de Galicia (RISGA) e que recibiron de forma retroactiva os pagamentos de varias mensualidades de Ingreso Mínimo Vital (IMV), e ante as novas sentenzas que obrigan á Xunta de Galicia aos reintegros e devolucións dos pagos reclamados por parte de persoas usuarias, **o Colexio Oficial de Traballo Social vén de solicitar á Xunta de Galicia que adopte un criterio homoxéneo para procurar unha maior protección das persoas afectadas que se atopan nunha situación clara de vulnerabilidade.**

As trabas están a xurdir nos supostos nos que as persoas beneficiarias da RISGA solicitan a prestación do IMV e, mentres non se resolve sobre a súa concesión ou denegación continúan a percibir a Renda de Inclusión Social, o que pode implicar a súa recepción durante varias mensualidades. Esta situación provoca a circunstancia de que, se é resolta favorablemente a concesión do IMV, a Xunta de Galicia solicite o reintegro das contías percibidas da RISGA ao resultar incompatibles ambas prestacións, o que pode supoñer a petición de devolución de importes que superan os 4.000 euros.

O COTSG asegura que “son moitos os inconvenientes para as persoas beneficiarias de RISGA e que nun momento determinado solicitaron a prestación do IMV, xa que debido á situación de vulnerabilidade na que se atopan precisan seguir percibindo a RISGA mentres están a espera de se lle conceden ou denegan o IMV.”

Pois ben, o COTSG traslada á Dirección Xeral de Inclusión social unha sentenza recente do Xulgado de Vigo que **impide á Xunta de Galicia exixir o reintegro da RISGA** resolvendo que soamente procederá o reintegro das cantidades indebidamente percibidas da prestación da RISGA cando as persoas beneficiarias ocultaran ou falsearan datos. Polo

contrario, cando por causas non imputables ás persoas beneficiarias se perciban cantidades ás que non se tivese dereito, aplicarase a compensación das contías como procedemento ordinario de regularización.

A realidade é que as persoas que están a recibir estas reclamacións monetarias non ocultaron nin falsearon datos, só continuaron percibindo a RISGA ante as demoras por parte da Administración na tramitación e resolución do IMV e ante o desacougo de non saber se finalmente lle concederían este último. Segundo afirma a Xunta de Goberno “están ocorrendo situacións de angustia e inquedaanza por parte de moitas persoas usuarias de servizos sociais antigas perceptora de RISGA”, e “a realidade é que en última instancia, os organismos públicos deben escoitar as necesidades da poboación e colaborar para ofrecer medidas de apoio eficaces e servizos de calidade que ofrezan a protección social adecuada.”

En virtude do exposto, o COTSG advirte que “este tipo de situacións confirman a necesidade de axilizar canto antes a posta en marcha da Lei de Inclusión, a cal, segundo alertan, permitirá compatibilizar ambas prestacións,” desta maneira instase a colaboración das diferentes administracións.

Máis info: 604 07 63 63 (gabinete Comunicación COTSG)